



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.futbolveteranos.com
asociación@futbolveteranos.com



COMUNICADO DA **ASOCIACIÓN VETERANOS OURENSE**

A asociación informa que á vista da evolución da pandemia e da prolongación das medidas de confinamento decretadas polas autoridades gobernamentais, entre elas o peche de instalacións deportivas municipais, autonómicas, e privadas, e a suspensión das actividades presenciais en distinto ámbitos, o seu órgano colexiado, a directiva, **acorda dar por finalizadas oficialmente** as competicións que dependen de esta organización 2019-2020.

En consecuencia, acordase deixar as clasificación das distintas divisións tal e como se atopan entre a xornada 22 e 23, polo que os ascenso e descensos das distintas serán en función da última xornada xogada ata o momento que se decretou a suspensión da competición.

Tendo en conta o anterior, ascenderán e descenderán das distintas divisións en función da orde clasificatoria que obtivera cada un dos equipos nese momento.

Somos conscientes que esta situación de pandemia provocará que nun futuro moitos dos equipos que actualmente forman parte desta asociación teñan dificultades para poder continuar na próxima temporada. En vista desta situación e visto que a paralización da competición fixo que os gastos correntes habituais diminuíran, por eso, a Asociación, realizará un esforzo para que a inscrición da próxima temporada teña unha rebaixa significativa en canto ao custo se refire, estamos traballando nese sentido e iremosvos informando nos vindeiros días. Para eso teremos que saber cantos equipos formarán as distintas competicións para poder aplicar a rebaixa na inscrición.

Se aínda así, algún equipo se vira abocado a súa desaparición e non ocupara a praza de descenso, eso provocaría que cada praza valeira que se producira en cada división o equipo que ocupara praza de descenso en orde máis próxima a salvarse non descendería.

Un exemplo podería ser que un equipo da división de honor que esté en descenso ocupando a praza antepenúltima (posto 16 no caso da división de honor) e seguira na competición, poderíase beneficiar permanecendo na división de honor se desaparecera un equipo que non estivera en descenso, e así correlativamente. Lémbremos que según se establecera na última reunión da asemblea os ascensos e descensos das distintas divisións segue vixentes tal e como se acordaron no seu momento.



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.futbolveteranos.com
asociación@futbolveteranos.com



Esto únicamente poderase determinar unha vez que se abra o prazo de inscrición e no momento do peche ofreceráselle, de ser o caso, ao equipo afectado a permanencia pola desaparición dun equipo concreto na división na que se atopa.

Asemade, se o equipo que tivera dereito a ascender, desaparecera, terá preferencia a exercer o dereito ao ascenso o seguinte clasificado e así sucesivamente.

Se algún equipo xa tivera decidido que non vai continuar a próxima temporada, a asociación agradeceríalle que o comunicades a maior brevidade posible para poder organizar a próxima temporada.

O prazo de apertura de inscrición dos equipos para a próxima temporada faráse publico nos vindeiros días.

Ourense, 4 de maio de 2020

A xunta directiva.